

A Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, na reunión celebrada o 7 de xuño de 2005, acordou os criterios obxectivos de distribución de fondos complementarios para formación continua xestionados polas comunidades autónomas para o ano 2005. O Consello de Ministros, na súa reunión do 29 de xullo de 2005, decidiu a súa formalización, polo que se debe proceder á distribución das cantidades asignadas a cada Comunidade Autónoma.

En consecuencia, dispuxen:

Artigo 1. Obxecto.

Dar publicidade aos criterios obxectivos da distribución territorial ás comunidades autónomas de fondos complementarios para o financiamento de contratos programa para a formación, para o exercicio económico de 2005, que figuran no anexo desta orde, no que aparecen tamén as cantidades correspondentes a cada unha das comunidades autónomas.

Artigo 2. Xustificación.

Para a aplicación e xustificación das subvencións obxecto da presente orde será de aplicación o disposto nos artigos 2, 3, números 1, 4 e 5, e disposicións adicionais primeira, segunda, terceira número 4, cuarta, quinta no relativo á formalización do anexo II.7, sexta e oitava da Orde TAS/892/2005, do 16 de marzo, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico de 2005, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do ámbito laboral financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado, publicada no BOE do 8 de abril de 2005.

Os documentos xustificativos axustaranse aos modelos que aparecen como anexos II.7, II.8 e, se é o caso, II.4 da referida Orde TAS/892/2005, do 16 de marzo.

Disposición derradeira única.

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de agosto de 2005.

CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

Sra. Subsecretaria, Sres. Secretario Xeral de Emprego, Director Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal e interventores delegados da IGAE neste ministerio e no Servizo Público de Emprego Estatal.

ANEXO

Distribución de fondos complementarios para accións de formación continua

Aplicación orzamentaria: 19.101.241-A.452.50

Disposicións reguladoras:

Orde TAS/2783/2004, do 30 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas mediante contratos programa para a formación de traballadores, ditada en desenvolvemento do Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, modificada polas ordes TAS/2094/2005, do 17 de xuño, e TAS/2562/2005, do 28 de xullo.

Criterios de distribución:

En función do número de traballadores ocupados da Enquisa de Poboación Activa do segundo trimestre de 2004, descontados os empregados do sector público.

Distribución territorial de fondos complementarios ás comunidades autónomas para o financiamento de contratos programa para a formación

Comunidades autónomas	Contratos programa
Andalucía	10.755.320
Aragón	2.077.194
Asturias	1.576.845
Illes Balears	1.763.987
Canarias	3.171.102
Cantabria	934.082
Castilla y León	3.879.576
Castilla-La Mancha	2.751.574
Cataluña	12.899.109
Comunidade Valenciana	8.069.790
Extremadura	1.453.013
Galicia	4.684.884
Madrid	9.969.834
Murcia	2.078.836
Navarra	1.061.171
Rioja (La)	517.693
Total	67.644.010

**MINISTERIO DE INDUSTRIA,
TURISMO E COMERCIO**

14887 *ORDE ITC/2765/2005, do 2 de setembro, pola se modifican os anexos I, II, e IV do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, polo que se establecen as condicións mínimas que deben reunir as instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación, de cisternas de mercadorías perigosas. («BOE» 213, do 6-9-2005.)*

Mediante o Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, determináronse as condicións que deben cumprir as instalacións dedicadas ao lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación, das cisternas de mercadorías perigosas.

As determinacións estritamente técnicas figuran nos anexos deste real decreto. Así, no seu anexo I establécense os requisitos técnicos exixibles ás instalacións de lavado interior de cisternas de estrada e baterías de recipientes e, no seu anexo II, os requisitos técnicos de desgasificación e despresurización de cisternas; mentres que nos seus anexos III e IV os modelos de solicitude e de certificado de lavado interior a desgasificación e despresurización de cisternas de mercadorías perigosas, respectivamente.

Púxose de manifesto no tempo transcorrido desde a aprobación do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, que a complexidade técnica e diversidade de técnicas de lavado das cisternas, así como o elevado número de mercadorías perigosas, de características moi diferentes, fan necesario modificar o contido dos seus anexos, cuxa entrada en vigor se fixou, pola disposición derradeira terceira do referido real decreto, aos dous anos da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Mediante esta orde modifícanse os anexos I, II, e IV, do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, adecuando ao estado actual da técnica os requisitos técnicos exixidos ás instalacións de lavado interior de cisternas de mercado-

rías perigosas, requisitos e os procedementos técnicos de desgasificación e despresurización de sistemas de mercadorías perigosas. Así mesmo, modifícase o modelo oficial de certificado de lavado interior de cisternas de mercadorías perigosas ou da súa desgasificación e despresurización.

A orde, durante a súa tramitación, pasou o informe da Comisión Permanente da Comisión para a coordinación do transporte de mercadorías perigosas e así mesmo foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se aplican as disposicións da Directiva 98/34/CE do Parlamento e do Consello do 22 de xuño de 1998.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, faculta o ministro de Ciencia e Tecnoloxía (na actualidade de Industria, Turismo e Comercio) para que, en atención á evolución do estado da técnica, poida modificar os anexos deste real decreto, co obxecto de que se posibilite un nivel de seguridade polo menos o equivalente ao establecido neles.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispón:

Artigo único. *Substitución dos anexos I, II e IV do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, polo que se establecen as condicións mínimas que deben reunir as instalacións en lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación, de cisternas de mercadorías perigosas.*

Os anexos I, II e IV do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, substitúense polos que se insiren a continuación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente orde dítase ao abeiro da competencia exclusiva que en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 2 de setembro de 2005.

MONTILLA AGUILERA

«ANEXO I

Requisitos técnicos mínimos exigibles ás instalacións de lavado interior de cisternas de mercadorías perigosas

A) As instalacións de lavado interior de cisternas de mercadorías perigosas deberán dispor como mínimo dos seguintes sistemas e equipamentos:

1. Xerador de vapor de auga das características mínimas seguintes para a súa inxección por manguera:

- a) Presión de timbre a 6 kg/cm².
- b) Xeración de vapor de auga a 120° C.

2. Quentador de auga co xerador citado ou por outro sistema, que permita que a auga alcance unha temperatura de 70-80° C.

3. Sistema de presión para auga quente e fría, con dúas liñas como mínimo.

a) Unha liña para mangueras para uso manual do empregado coa súa correspondente bomba: presión de saída da auga 25 kg/cm² cun caudal de 18 a 20 litros/minuto.

b) Outra liña para rotativo ou cabezal (mínimo 1) ou rotativos ou cabezais de proxección de auga quente ou fría apta para a presión seguinte: en vehículos-cisterna de estrada, a presión da auga ao saír impulsada do rotativo será de 50 kg/cm² cun caudal de 50-60 litros/minuto. As instalacións de lavado interior de contedores-cisternas ou cisternas portátiles de non máis de 9 metros (30 pés), de transporte multimodal ADR-RID ou IMDG deberán prever por bomba un sistema de presión da auga que ao saír impulsada por rotativo será de 100 kg/cm² e un caudal de 80-90 litros/minuto. As instalacións de lavado interior de vagóns-cisternas e contedores de 12 metros ou máis (40 pés) segundo o RID-ADR disporán de sistema presión da auga que ao saír impulsada por rotativo será de 200 kg/cm² cun caudal de 120-130 litros/minuto.

c) Opcionalmente, unha liña derivada da indicada na letra a) con conexión de auga a 25 kg/cm² e caudal de 18 a 20 litros/minuto, a rotativo ou cabezal para cisternas de plástico reforzado con fibra de vidro ou con revestimentos de plástico ou doutro tipo similar, ás cales non se lles poden aplicar as presións citadas na letra b) anterior, nin tampouco os caudais citados.

4. Sistema de dosificación de produtos limpadores para a inxección dos produtos adecuados en cada caso, que se inxectarán na tobeira ou tubo de entrada da auga aos rotativos ou mangueras.

5. Sistema de tratamento previo de augas (grupo descalcificador ou outros) cando as características das augas que se utilicen no lavado interior das cisternas o requiriran.

6. Grupo compresor ou no seu lugar sistema eléctrico adecuado para local mollado segundo Regulamento de baixa tensión para manobras pneumáticas ou eléctricas dos equipos de limpeza.

7. Sistema de elevación mecánico ou eléctrico para a manobra do rotativo ou cabezal ou dos rotativos ou cabezais que, no caso de ser eléctrico, incluírá obrigatoriamente a manobra a 24 voltios.

B) As instalacións de lavado interior de cisternas que requiriran polo tipo de produto para limpar dun sistema de secado posterior ao lavado, disporán dunha zona de secado da cisterna cunha turbina que accione o aire quente a 60-80° C, ou dispositivo equivalente que garanta o adecuado secado da cisterna despois do lavado.

C) Cada instalación de lavado interior de cisternas deberá ter a información técnica documentada, dos produtos necesarios para a limpeza dos residuos químicos identificados segundo número ONU para os cales está preparada.

D) O persoal técnico de apoio que traballe en instalacións de lavado deberá coñecer os procedementos ou operacións da instalación de lavado e disporá dos equipamentos de seguridade (explosímetros, traxes especiais, luvas, correaxes, lámpadas de seguridade para atmosferas explosivas, equipamentos de respiración autónomos, analizador de oxíxeno, etc.) adecuados para a realización do seu traballo, así como recibir cursos formativos específicos organizados por parte da empresa de lavado.

Non obstante o indicado nos puntos A), B) e C) anteriores, en caso de centros de lavado interior de cisternas que pertencen a unha empresa de fabricación de produtos químicos e que estean situados na propia fábrica ou en zona anexa e cando se trate do lavado interior das cisternas que transportan as mercadorías perigosas que esta empresa fabrica ou as materias químicas perigosas que a empresa incorpora ou manipula no proceso de fabricación, esta empresa poderá utilizar uns medios técnicos e procedementos diferentes aínda que equivalentes aos indicados anteriormente, logo de autorización da autoridade competente, cun informe técnico favorable dun organismo de control autorizado que certifique o cumprimento.

mento das condicións de seguridade do procedemento e tamén a súa eficacia, así como o cumprimento do artigo 6.5 deste real decreto.

ANEXO II

Requisitos e procedementos técnicos de desgasificación e despresurización de cisternas de mercadorías perigosas

Introdución: a desgasificación e despresurización de cisternas para gases da clase 2 realizarase previamente naquelas cisternas que necesitan ser sometidas a unha reparación ou lavado interior.

Estas cisternas, xa baleiras de produto, conteñen no seu interior produto residual en fase gas, que dota á cisterna de certa presión, que debe ser eliminada.

Procedemento de desgasificación e despresurización:

O procedemento desta operación dependerá do tipo de produto que conteña a cisterna. Diferéncianse catro grupos:

- a) Produtos inflamables.
- b) Produtos non inflamables.
- c) Amoníaco ou produtos de fácil absorción pola auga.
- d) Cloro líquido.

No caso de que o produto químico non se corresponda cos anteriores grupos ou substancias ou unha empresa prefira utilizar un procedemento diferente aos anteriores, aínda que equivalente, poderase utilizar este procedemento logo da autorización da autoridade competente, cun informe técnico favorable dun organismo de control autorizado que certifique o cumprimento das condicións de seguridade do procedemento e a súa eficacia, así como o cumprimento das prescricións regulamentarias que lles sexan aplicables.

a) Produtos inflamables:

1. Chegada da cisterna, instalación e nivelación desta para levar a cabo esta operación.

2. Conexión mediante mangueras da válvula de fase gas a un facho para a queima do produto.

3. Conexión mediante manguera da válvula de fase líquida á rede de auga a unha presión superior á do interior da cisterna

4. Enchemento con auga da cisterna para o desprazamento da fase gas que pasa a ser queimada no facho, con dispositivo antirretorno da lapa.

5. Cando a cisterna está chea de auga, compróbase isto polo procedemento adecuado ou procédese, no caso de cisternas de estrada, a decantar esta de adiante cara a atrás para eliminar as posibles bolsas de gas no seu interior. Este abaneo pódese realizar mediante a suspensión pneumática da tractora.

6. Unha vez a cisterna non conteña produto en fase gas, procederase a baleirala, mediante manguera na fase líquida, descargando as augas nunha estación depuradora para o seu tratamento.

7. Cando se realizase esta operación, procederase a quitar a boca de home da cisterna, e colocarse unha manguera unida a un compresor de aire que, durante aproximadamente dúas horas, aireará e ventilará o interior da cisterna.

8. Despois deste período de tempo, verificarase mediante un explosímetro e coa axuda dunha varíña de aluminio como alongador, se a cisterna contén unha atmosfera explosiva, é dicir, se aínda contén restos de gas.

9. Unha vez comprobada a non existencia de produtos residuais, persoal especializado procederá a introducirse no interior da cisterna con grupos autónomos de

respiración, explosímetros e unha lanterna antideflagrante.

10. Inspeccionarase o interior e a cisterna xa estará lista para a súa reparación ou o que proceda.

En lugar de auga, cando as condicións técnicas e de seguridade o aconsellen, poderase utilizar nitróxeno, para unha mellor inertización e desgasificación.

b) Produtos non inflamables: o procedemento que se deberá seguir no caso de desgasificación e despresurización de cisternas con produtos non inflamables é o mesmo que no caso dos inflamables, pero coa diferenza de que nestes produtos a saída de gas da cisterna non se leva a un facho, senón a un depósito de auga onde se fai burbullar gas para así diminuír a súa presión e absorber a maior cantidade posible de produto.

Neste caso a auga do burbullo dirixirase a unha estación depuradora de augas residuais para o seu tratamento, recolléndose a auga co procedemento adecuado nun recipiente, para o seu posterior tratamento previo ao queimado.

c) Amoníaco ou produtos de fácil absorción pola auga:

1. Chegada á cisterna, instalación e nivelación adecuada desta para levar a cabo esta operación.

2. Sen abrir a válvula da fase gasosa, e pola conexión de manguera na fase líquida, encherase a cisterna de auga mediante unha bomba, a unha presión superior á do interior da cisterna.

3. A cisterna, a medida que se vai enchendo, vai diminuíndo a súa presión interior, polo efecto de absorción da auga.

4. Cando xa está absorbido o gas (presión inferior ou igual a cero) ábrese a válvula da fase gasosa, que estará conectada mediante manguera a un depósito de auga, e así se fará burbullar o gas residual que queda da operación de absorción.

5. Unha vez a cisterna xa non conteña produto en fase gas, procederase a baleirala mediante manguera na fase líquida, descargando as augas nunha estación depuradora para o seu tratamento.

6. Cando se realizase esta operación, procederase a quitar a boca de home da cisterna, colocándose unha manguera unida a un compresor de aire que, durante aproximadamente dúas horas, aireará e ventilará o interior da cisterna.

7. Despois deste período de tempo, verificarase mediante un explosímetro e coa axuda dunha varíña de aluminio como alongador, se a cisterna contén unha atmosfera explosiva, é dicir, se aínda contén restos de gas.

8. Unha vez comprobada a non existencia de gases residuais, persoal especializado procederá a introducirse no interior da cisterna con grupos autónomos de respiración, explosímetro e unha lanterna antideflagrante.

9. Inspeccionarase o seu interior e a cisterna xa estará lista para a súa reparación ou o que proceda.

d) Cloro líquido: a desgasificación e despresurización de cisternas de cloro unicamente poderá realizarse en instalacións de fabricantes e envasadores deste produto, mediante un procedemento que deberá autorizar a autoridade competente logo de informe técnico dun organismo de control, que certifique o cumprimento das condicións de seguridade do procedemento e da súa eficacia, así como o cumprimento das prescricións regulamentarias que lles sexan aplicables.»

«ANEXO IV

Certificado de lavado interior ou desgasificación e despresurización de cisternas de mercadorías perigosas

1. Identificación da instalación de lavado interior de cisterna ou de desgasificación e despresurización:

- a) Nome.
- b) Enderezo.
- c) N.º de teléfono e fax.
- d) NIF.
- e) N.º do rexistro de establecementos industriais.
- f) N.º de certificado de acreditación da instalación e nome do organismo de control autorizado.

2. Data e n.º de certificado de lavado

3. Que a cisterna matrícula e número de identificación da cisterna transportou, de acordo coa información indicada polo condutor ou propietario, un cargamento de con número ONU

4. Que unha vez finalizada a limpeza interior da cisterna, esta quedou totalmente limpa de toda impureza, téndose verificado o seu estado mediante inspección ocular interior; polo que esta cisterna cumpre coas disposicións do Real decreto 2115/1998, do 2 de outubro, sobre transporte de mercadorías perigosas por estrada, ou o Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril, e tamén coas disposicións do ADR, RID ou IMDG que lle sexan de aplicación en cada caso, quedando en disposición de volver a cargar.

5. Compartimentos lavados:

6. Tipo de limpeza efectuada:

7. Observacións (nesta epígrafe indícarase calquera outra información necesaria do lavado interior da cisterna ou que teña relación, de ser o caso, coa desgasificación e despresurización da cisterna):

8. Don/Dona responsable técnico da instalación, responsabilízase tecnicamente de calquera dano ou perda ocasionado por unha mala limpeza das cisternas ou, se é o caso, por unha deficiente desgasificación e despresurización desta.

9. Selo do lavadoiro e sinatura do responsable da instalación de lavado ou desgasificación e despresurización de cisternas.»

se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, aplicado pola Comunidade Autónoma de Andalucía, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na parte oriental da provincia de Cádiz. As medidas de protección no ámbito comunitario foron adoptadas inicialmente mediante a Decisión 2004/697/CE da Comisión, do 14 de outubro de 2004, relativa a determinadas medidas de protección contra a febre catarral ovina ou lingua azul en España, así como mediante diversas decisións modificativas da Decisión 2003/828/CE da Comisión, do 25 de novembro de 2003, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina. A última decisión comunitaria ao respecto é a Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005, sobre as zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español. As ditas medidas foron posteriormente modificadas á vista da evolución da enfermidade e seguindo o criterio do grupo de expertos previsto no Plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, mediante sucesivas ordes ministeriais, sendo a última a Orde APA/990/2005, do 14 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

Tras a confirmación dos últimos focos en agosto, é preciso modificar a zona restrinxida co fin de incluír nela diversas comarcas veterinarias das provincias de Ávila, Salamanca, Toledo e Ciudad Real e da Comunidade de Madrid. Así mesmo, é necesario establecer un réxime especial de movementos dos animais de especies sensibles desde explotacións situadas nun raio de 20 quilómetros arredor da explotación ou explotacións afectadas, e un réxime transitorio para o movemento de reses de lida con destino a espectáculos taurinos nos 30 días seguintes ao da inclusión das explotacións nunha zona restrinxida.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde APA/990/2005, do 14 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.*

A Orde APA/990/2005, do 14 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, queda modificada como segue:

Un. A alínea a) do artigo 2 queda redactada do seguinte modo:

«a) Zona restrinxida: a Comunidade Autónoma de Illes Balears, a Comunidade Autónoma de Extremadura, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla e as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

Na Comunidade Autónoma de Andalucía, as provincias de Cádiz, Málaga, Huelva, Sevilla e Córdoba e as comarcas veterinarias de Jaén e Andújar na provincia de Jaén.

Na Comunidade de Castilla-La Mancha, as comarcas veterinarias de Oropesa, Belvís de la Jara, Talavera de la Reina, Los Navalmorales, Almorox, Gálvez, Mora, Toledo, Torrijos e Juncos, da provincia de Toledo e as comarcas veterinarias de Horcajo de los Montes, Piedrabuena, Almadén, Almodóvar del Campo e Malagón na provincia de Ciudad Real.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

14923 *ORDE APA/2776/2005, do 5 de setembro, pola que se modifica a Orde APA/990/2005, do 14 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.* («BOE» 214, do 7-9-2005.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal. A súa propagación supón un perigo grave para o gando e podería ter consecuencias moi desfavorables para os intercambios comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que